



Dirección: Lugar Armada, 1
CP/Concello: 15637 -Vilarmajor
teléfono: 981 781 709 - 981 781 725
Email: correo@vilarmajor.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS EN HONOR A VIRXE DO ROSARIO NA PARROQUIA DE TORRES

EXPEDIENTE: 2025/A003/000003

ANTECEDENTES:

Vista a instancia de Antonio Fernández Pena, con DNI 79336891R, en representación da Asociación de veciños San Xorxe de Torres, solicitando unha axuda económica para a celebración das festas da Virxe do Rosario, en Torres, os días 03, 04 e 05 de outubro de 2025.

Dado que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003 xeral de subvencións e na base 13ª das bases de execución do orzamento de 2025 establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal.

Visto o artigo 65 do Real Decreto 887/2006 polo que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.-Conceder unha subvención de 300 € á Asociación de veciños San Xorxe de Torres, con cargo á partida **338.480.00** do orzamento, para a celebración das festas da Virxe do Rosario, na parroquia de Torres.

2º.- O beneficiario deberá xustificar no prazo de tres meses desde a súa concesión, a súa aplicación aos fins para o que foi concedida, mediante a presentación dos seguintes documentos:

- * Relación de gastos da actividade subvencionada, facturas.
- * Xustificante do pagamento da actividade subvencionada (certificación bancaria da transferencia), onde conste o ordeante, o beneficiario, o importe e a data de pago.
- * Relación doutros ingresos ou subvencións para a mesma actividade subvencionada.
- * Así como a declaración de estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

3º.- A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais sempre que non se rebase o coste da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidera establecer a normativa reguladora de ditas subvencións ou axudas.

4º.- O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta designada polo beneficiario, no prazo dun mes desde a xustificación da subvención.



Dirección: Lugar Armada, 1
CP/Concello: 15637 -Vilarmajor
teléfono: 981 781 709 - 981 781 725
Email: correo@vilarmajor.es

5º.- Non será esixible a prestación de garantía por parte do beneficiario por non apreciar risco de que incumpra as obrigas asumidas neste convenio.

6º.- Admitiranse os xustificantes dos gastos realizados con anterioridade a esta resolución sempre que sexan posteriores á aprobación do orzamento no que figura o crédito nominativo.

7º.-Notificar a presente resolución ao interesado.

En Concello de Vilarmajor, venres 3 de outubro de 2025

O Alcalde/Presidente

Carlos Vázquez Quintián